



mañás de verán

2010

PARA RAPACES DE 3 A 12 ANOS

Datas: do 28 de xuño ao 9 de xullo
de luns a venres

Horario: de 10:00 a 13:30 h + tres tardes
Servizo de gardería de 9:00 a 10:00 h

Lugar: **Colexio salesiano**

Inscrición: na Asociación Xuvenil
Amencer



organiza e
informa:

Asociación Xuvenil Amencer
Praza D. Bosco, 1, baixo
Ourense

Tif: 988 218 123
amencer@amencer.org
www.amencer.org



Benqueridas familias:

A Asociación Xuvenil Amencer volveuse pór en contacto convosco para anunciarvos que xa podeades inscribir aos vosos/as fillos/as nas **V Mañás de Verán**.



As actividades de **Mañás de Verán** realizaranse de luns a venres, *do 28 de xuño ao 2 de xullo* a primeira semana, e do 5 ao 9 de xullo na segunda semana, en horario de mañá, dende as *10:00 ata as 13:30 horas* dentro das instalacións do colexio salesiano. Os días de piscina serán ata as 18.30 e o último día da velada serán ata ás 18:00 h.



Os *obxectivos* que nos marcamos con este proxecto son educar en valores a través do xogo, favorecer a creatividade dos vosos fillos/as, a participación e o traballo en equipo, e poder seguir empregando as instalacións do noso colexio fóra do horario escolar.



Sempre se deixará e recollerá ao rapaz/a dentro do colexio, tendo que deixar notificado na ficha de inscrición quen é a persoa encargada de recoller ao participante.


Os *destinatarios/as* destas actividades poderán ser todos os nenos e nenas dende 1º de Infantil (3 anos), ata 6º de Primaria (incluídos) de Ourense.

Dado as datas nas que se van realizar, é posible que non vos interese ou non poidades traer aos vosos rapaces/zas durante as dúas semanas. Por iso vos damos a opción de que participen nunha ou noutra semana, a elixir por vós, pero sempre semanas enteiras,

nunca días soltos. Se os vosos fillos/as participan na primeira semana e queredes ampliar á segunda, **sempre que queden prazas** poderedes facelo, anotándovos o xoves 1 de xullo, de 9:45 a 10:30 h. e de 12:45 a 13:30 h., e participarán aqueles que poidan segundo a relación animadores/rapaces, e por rigorosa orde de inscrición.



O tipo de *actividades* que se levarán a cabo serán, entre outras, obradoiros, xogos de mesa, actividades de animación á lectura, ciencia divertida, xincana de auga, deportes..., que se realizarán sempre dentro do colexio agás algunhas delas que serán fóra do recinto escolar: baño na piscina de Oira unha mañá á semana, saída ao parque Miño para os máis pequenos.... Este ano continuaremos co servizo opcional de gardería que teremos todos os días de 9:00 a 10:00 h e que costará un euro diario a maiores do prezo da cota.



Os horarios serán diferentes a os habituais durante dous días: teremos dous días de piscina por semana e o último día da velada onde os nenos e nenas xantarán no colexio; e pola tarde todos os pais e nais estades convidados á velada, que consistirá nas actuacións que fagan os nenos e nenas no Teatro do colexio Salesiano.



A *cota* a pagar por cada participante dependerá do número de semanas que se participe, habendo tamén variacións no caso de que participen varios irmáns. Os prezos establecidos son os seguintes:

	Nenos/as do colexio salesiano "M ^a Auxiliadora" (*)		Nenos/as doutro colexio	
	TEMPO		TEMPO	
	1 semana	2 semanas	1 semana	2 semanas
1 Membro	40 €	60 €	45 €	65 €
Irmáns:				
2º Membro	35 €	50 €	40 €	55 €

(*) A diferenza de prezo é asumida polo ANPA do colexio Salesiano

Este prezo inclúe, entre outras cousas, o emprego de materiais, o desprazamento en bus a Oira, animadores, uso de instalacións...



Unha cousa que queremos deixar clara dende a organización é que non queremos que ningún rapaz/a deixe de participar e gozar desta oportunidade só por motivos económicos. Por iso, se algunha familia se atopa nesta situación, que fale directamente con Xulio César Iglesias ou Laura Valcárcel, en Amencer, para buscar a mellor solución entre todos.



Nun primeiro momento vos facemos chegar unha ficha de inscrición para cumprimentar e entregar nun prazo marcado por todos aqueles que estean interesados en participar. Haberá unha reunión *o mércores 2 de xuño ás 20 h.* para todos os pais/nais dos rapaces/zas que estean



inscritos, para tervos informados sobre o desenvolvemento, organización e avisos das actividades.



O **prazo** para entregar a inscrición e a cota será ata **o mércores 2 de xuño**

incluído, entregándoa nos locais da Asociación xuvenil Amencer, tendo en conta que haberá prazas limitadas, podéndose cubrir antes de que remate este prazo. Aínda así, chegada a data tope, poden quedar prazas libres.



Sen máis, agradecemos a vosa colaboración e participación, esperamos que esta iniciativa sexa do voso agrado. Recibide un cordial saúdo.

Equipo de Animadores da Asociación Xuvenil Amencer

Información e inscricións:



Asociación Xuvenil Amencer
Praza D. Bosco 1, baixo
32003 Ourense
Tlf: 988 218 123
Correo-e: amencer@amencer.org
www.amencer.org